



ENTRADA

# Se Miguel Anxo dicía que podía ver dentro dun bloque de mármore a escultura e que el soamente se limitaba a quitar o que sobraba, así tivo que concibir Palacios a arquitectura do Metro

Si Miguel Ángel decía que podía ver dentro de un bloque de mármol la escultura y que él solamente se limitaba a quitar lo que sobraba, así tuvo que concebir Palacios la arquitectura del Metro

A arquitectura industrial de Antonio Palacios

xx

Álvaro Bonet

La arquitectura industrial de Antonio Palacios

xx

# A arquitectura industrial de Antonio Palacios

Álvaro Bonet

*Arquitecto*

## Introdución

Cando un personaxe como Antonio Palacios, co seu imponente percorrido profesional, ten unha páxina na Historia, pódense constatar os numerosos estudos que se escribiron, os eloxios que se pronunciaron e as exposicións antolóxicas que se lle dedicaron.

Trátase dun personaxe polifacético, con habilidades xa moi recoñecidas e enalzadas. Tal é a súa importancia e tal o seu mérito, que non falta un político que o celebre, ou unha persoa calquera que ao oír o seu nome unido ao Palacio de Cibeles ou o Círculo de Bellas Artes asinta coa cabeza.

Aínda que non chegou ao recoñecemento internacional de Gaudí, o noso Antonio —galego e madrileño asemade— deixou unha pegada na capital de difícil conmensuración e quizais só equiparable, salvando as distancias temporais e a súa conxuntura, coa de Ventura Rodríguez ou Juan de Villanueva. Pero realmente Palacios —no seu afán por soñar plans transformadores do urbanismo— cambiou a fisionomía da capital, case sen decatarse da súa transcendencia histórica.

Os seus altos voos non lle impediron, por outro lado, estar a pé de obra, no mundano; Palacios ocupábase e preocupábase do detalle, do matérico: todo era importante no proceso.

A época en que creceu o arquitecto do Porriño, entre fascinante e convulsa, permitiulle ser moderno e antigo á vez, algo polo xeral imposible. Palacios foi fiel a si mesmo e ao seu posicionamento intelectual, a diferenza doutros arquitectos que se foron axeitando ás distintas correntes dominantes, como Luis Gutiérrez Soto, que adaptou con mestría a súa linguaxe a cada momento. Palacios cambiou máis ben pouco; algo que podería parecer menos vangardista, non obstante, confírelle unha universalidade máis alá do tempo que lle tocou vivir, parecendo mesmo estar fóra do tempo, como demostrarían moitas das súas obras galegas, de aspecto e carácter intempestivo.

Aínda que se puido ver inicialmente influído por unha linguaxe modernista presente no seu proxecto do Casino, e un depurado «estilo Monterrey» en certos detalles do palacio de Correos, o clasicismo, o secesionismo vienés e a escola de Chicago foron as tendencias que máis claramente influíron no seu concepto re-



novador da arquitectura, aínda que baixo unha identidade de seu e cunha serie de invariantes recorrentes.

Non obstante, e volvendo á textura dos detalles, o noso protagonista sempre se interesou pola tectónica e a plástica da súa arquitectura, pola súa rugosidade, pola súa percepción estética, moi consciente de facer partícipes na medida do posible os oficios artesanais sen deixar de lado a modernidade industrial; foi un grande innovador incorporando ascensores, calefacción e outras instalacións no propio deseño dos seus proxectos. Mesmo a nivel de construción empregou masivamente a estrutura metálica, combinada con muros de carga e grandes ordes de clasicismo refinado, e elementos decorativos cerámicos. Esa personalidade tan forte e expresiva, marcada pola cantaría local, pola influencia paterna ferroviaria, finalmente fíxoo ser un xenio incomprendido e a quen aínda é posible que non acabamos de colocar no lugar que lle corresponde.

Entre outras cousas porque aínda na actualidade seguen aparecendo obras descoñecidas —ou mellor dito esquecidas— que non constaban no seu catálogo e que debuxan unha faceta complementaria. Son obras que en parte se afastan do concepto monumental que tiñamos do mestre, moito máis modestas e resolutivas, ou talvez simplemente funcionais.

En concreto referímonos á obra industrial de Antonio Palacios, en boa parte inédita, que debuxa un perfil técnico complementario ata agora descoñecido, demostrando o compromiso do arquitecto coa modernidade transformadora do país. Unha gran parte desta obra industrial desenvolveuse en Madrid, e por iso o Archivo de la Villa é un dos fondos que maior luz achegaron sobre esta faceta inexplorada de Palacios.

Aquí aproveito para recordar ese papel fundamental que cumpren os arquivos na nosa sociedade custodiando a Memoria, imprescindible para estudar os procesos humanos que nos precederon e a evolución da nosa civilización; e por

iso querería expresar o meu agradecemento aos arquiteiros implicados, pola súa axuda e por custodiar unha fráxil memoria colectiva, xa que sen eles non sería posible este labor —case forense— de reconstruír un pasado que, aínda que relativamente recente, foi esquecido e borrado da paisaxe; desde a Real Biblioteca de Palacio, ao Archivo Regional de Madrid, o Histórico de Protocolos, o do CEHOPU, o Archivo Municipal de Toledo, cunha especial mención ao Archivo de la Villa de Madrid e ao seu amable persoal, que con paciencia e esforzo contribuíron a esta reconstrución da nosa historia e dun personaxe tan singular.

E, se os arquivos son a fonte de certezas, as conversas cos coñecedores da materia son a base das interpretacións. Por iso quero expresar a miña gratitude a Adolfo Amezqueta e a Helena Iglesias, por recibirme na súa casa e cos que mantiven unha longa conversa sobre a arquitectura de Antonio Palacios; da mesma forma, foron un grande estímulo as conversas cruzadas con Moncho Iglesias Veiga, con quen é difícil non se entusiasmar enseguida. Á arqueóloga Alicia Torija e a Alberto Tellería, arquitecto experto en Patrimonio e Arquitectura, polos seus apoios e consellos, e a Mercedes López por inculcarme o interese polo Patrimonio Industrial e falarme de pontes.


E, por suposto, ao historiador Óscar da Rocha, quen me puxo na pista dalgunchas das obras aquí citadas e con quen tiven a oportunidade de compartir o desenvolvemento da investigación sobre a Central de Tetuán, que se situaba próxima ao seu fogar familiar e chegou a coñecer de neno.

Non quero rematar sen lle agradecer ao comisario da exposición, Jesús Ángel Sánchez, a oportunidade de participar neste catálogo e contar esta pequena historia dos «Palacios industriais», esa parte descoñecida do grande arquitecto.

## **Pontes cara ao futuro con Otamendi**

Tras os seus estudos de bacharelato en Pontevedra, Antonio Palacios trasladouse a Madrid, onde empezou estudando na universidade un curso de enxeñaría antes de reorientarse cara á arquitectura. Ese primeiro ano de enxeñaría atrasouno, facendo que coincidise na Escola de Arquitectura con Joaquín Otamendi Machimbarrena, que era un ano máis novo. Grazas a ese paso vacilante cara á enxeñaría, Palacios sentara un importante xiro no guiión da súa vida sen sabelo: Joaquín Otamendi foi —ademais de amigo e posterior socio— a persoa decisiva que lle proporcionaría certos contactos que fixeron frutificar o seu xenio. Os dous arquitectos xuntos tiveron unha andaina inseparable durante longos anos —practicamente todos os que durou a construción de Correos— que empezou curiosamente cunha obra pública e metálica nada máis rematar a carreira: a ponte da Princesa.

Tratábase dun proxecto do enxeñeiro de camiños Vicente Machimbarrena, curmán de Otamendi. Sendo profesor de arte na Escola de Camiños de Madrid, encargoulles aos que se acababan de licenciar que se ocupasen do deseño ornamental desta magnífica e esvelta ponte. Salvaba o leito do río Manzanares cun só arco rebaxado de 50 metros de luz, triarticulado, sen apoios intermedios e con



MADRID.—PUENTE DE LA PRINCESA DE ASTURIAS.

Alzado da ponte da Princesa de Asturias (La Ilustración Española y Americana, n.º 18, maio 15, 1901). (Arquivo do autor)

estribos de fábrica. Construído pola Maquinista Terrestre y Marítima, o arco constaba de tres tesoiras paralelas en celosía de canto variable, tipo Pratt, con perfís en T de aceiro e arriostadas por viguetas horizontais (Navarro Vera 2001).

A participación nesta faena era sen dúbida un bo pasaporte para o futuro, e anunciaba a relación de Palacios coas estruturas de ferro, aínda que a Ramón Gómez de la Serna non lle convencía moito esa modernidade:

El puente de la Princesa de Asturias es un puente nuevo y como adquirido en el bazar de construcciones. Se ve que le han construido los ingenieros, sin llamar a un buen artista de la época. Al final de las Delicias, y junto al Matadero, está llamado a tener una gran importancia, aunque sea tan breve y sencillo<sup>1</sup>.


As obras comezaron coa colocación da primeira pedra en abril de 1901, en presenza dos reis e as infantas. Á familia Otamendi, da alta burguesía de Donostia, sempre lle foi preferida a proximidade da realeza, para obter —como logo veremos— de xeito moi propicio a súa protección.

Palacios e Otamendi figuraron como arquitectos da ponte da Princesa, que se acabaría inaugurando —con certo atraso— en 1909. Cando aínda se realizaban os estribos da ponte, en 1906, Palacios construíulle un hoteliño ao propio Vicente Machimbarrena<sup>2</sup> na rúa María de Molina; por fortuna, esta obra descoñecida aínda hoxe se conserva, malia que os seus interiores foron moi transformados para formar parte dun campus dunha universidade de negocios privada.

Ademais, na memoria de construción do palacete de Machimbarrena atopamos algunhas referencias que —cunha lectura transversal— dan pistas sobre as relacións persoais dos nosos protagonistas: a parcela de Machimbarrena atopábase lindeira polo norte e oeste coa vivenda de Antonio González Echarte (enxeñeiro

<sup>1</sup> Ramón Gómez de la Serna, *Toda la historia de la Puerta del Sol y otras muchas cosas...* (Madrid: Talleres gráficos cos La Tribuna, 1920).

<sup>2</sup> AVM. 16-4-16.



Alzado da ponte señorial na ría de Bilbao, gañador de concurso baixo o lema 'Laurac bat' / *Revista de Obras Públicas*, n.º 1902

e socio de Mengemor) e polo leste tiña de veciño o empresario Alberto Thiebaut, para quen Palacios tamén traballaría. Pouco máis alá, a continuación da casa de Echarte, Joaquín Otamendi tamén faría entre 1911 e 1913 a súa propia vivenda con proxecto conxunto con Palacios.

O tema da enxeñaría e a obra pública, desde logo, pareceu motivar o equipo, que se presentou de novo con Vicente Machimbarrena en 1902 a un concurso para unha ponte na ría de Bilbao, incorporándose o seguinte irmán Otamendi: Miguel, enxeñeiro de camiños e especializado en electrotecnia no Instituto Montefiore de Liexa. O proxecto, publicado pola *Revista de Obras Públicas*, empregaba o mesmo concepto de arco triarticulado, aínda que neste caso, pola súa localización plenamente urbana, era de maior anchura e engalanábase moito máis; partía dunha praciña elevada sobre arcadas cunha grande escalinata, rampla e un monumento central. Aínda que quedaron primeiros, e por iso foi difundido o resultado, nunca se chegou a construír<sup>3</sup>.

Un ano máis tarde quedarían segundos no concurso para outra ponte sobre a ría do Urumea en Donostia: a ponte de María Cristina; no entanto, o proxecto gañador de José Eugenio Ribera non se executou tal cal, senón que introduciu cambios que segundo Antonio Perla (Perla 2001) podían vincularse á colaboración nun segundo plano de Palacios e Otamendi. Conforme esta hipótese, que Perla desenvolve neste catálogo, a participación do escultor Ángel García nas esculturas

<sup>3</sup> *Revista de Obras Públicas*, n.º 1372 (xaneiro 9, 1902): 9-17.

ecuestres que rematan os templetes da ponte, ou as cerámicas de Zuloaga, poden debuxar ese descoñecido vínculo, dado que ambos os dous artistas eran estreitos colaboradores de Antonio Palacios en Madrid.

Os templetes que se incorporaron ao proxecto de Ribera substituíndo uns arcos triunfais de acceso á ponte teñen curiosamente máis relación conceptual co monumento e arcada do proxecto de Bilbao. Quizais á teoría de Perla cabería engadir a suposición de que a participación na ponte de Donostia fose en parte unha compensación por non se ter levado a cabo o outro concurso do que foran gañadores.

### **Primeiras obras industriais: a concepción dos espazos de traballo**

Sobre todo nos comezos, Palacios recibía encargos menores, consistentes en reformas de vivendas; a pesar de todo, os clientes empezaban a ser importantes. Co estudio que acababan de abrir na súa casa da rúa Maldonadas, n.º 7, foi nesta época, entre concurso e concurso, entre reforma e reforma, cando Eugenio Grasset lle encargaría o establecemento dun taller de cerrallaría<sup>4</sup> na estrada de El Pardo (actual avenida de Valladolid), fronte ás cocheiras de tranvía de La Bombilla. O proxecto é de abril de 1904, uns meses antes de asinar o seu primeiro edificio de vivendas completo na rúa do Humilladero (moi preto do seu estudio), e mesmo ano en que daría comezo a aventura do novo edificio de Correos.

A proposta de Palacios partía de reutilizar a edificación preexistente, levantada no centro dunha pequena parcela, e ocupar toda a zona traseira cunhas naves en dente de serra «con el objeto de instalar algunas máquinas herramientas». Esta sería a primeira ocasión en que Palacios empregase a solución estrutural en dente de serra con lucernarios para iluminar un taller.

Foi o xerme dos Talleres Grasset, unha pequena industria metalúrxica especializada en estruturas de ferro e ferrocarrís que traballou con asiduidade para a Compañía del Norte; por iso é moi probable que esta fábrica se asentase próxima a todas as instalacións ferroviarias da Estación del Norte.

Uns meses máis tarde, mentres se levaba a cabo a construción de Grasset, Palacios recibiría outra encargada industrial de maior envergadura: unha fábrica de «abonos minerales y productos químicos e industriales» polo empresario Alberto Thiebaut, antes mencionado, que actuaba en calidade de conselleiro delegado da Sociedad General de Industria y Comercio, domiciliada na rúa Villanueva, n.º 11.

Esta fábrica situaríase no Cerro de la Plata, a continuación das instalacións da estación de Atocha e da compañía M.Z.A., concretamente nuns terreos de 39.189 m<sup>2</sup>, cedidos pola Sociedad de Gasificación Industrial (S.G.I.) e situados entre o Carcavón de Atocha e a vía de enlace ferroviario coa compañía de Ferrocarriles del Norte. O novo complexo conectábase á rede ferroviaria cos seus propios peiraos


<sup>4</sup> AVM. 16-328-5.

de descarga, igual que a S.G.I., ao outro lado da vía, que xa contaba co seu correspondente apartadoiro de mercadorías.

Podería dicirse que esta é ata a data a obra inédita ou descoñecida máis importante de Antonio Palacios, tanto polas súas dimensións como polo que representa na súa carreira, na cal os seus proxectos máis monumentais xurdiron entre os máis funcionais que tivésemos podido imaxinar.

A relación desta fábrica coa S.G.I. tamén é máis importante do que parece. A súa construción —en 1903— foi das primeiras obras da sociedade construtora Torán y Harguindey, mesmo ano en que Palacios lle proxectaría a Luis Harguindey a ampliación da súa casa en Serrano, 47 (actual 53); logo verase a transcendencia absoluta desa empresa como construtora de cabeceira de Antonio Palacios, nas súas obras máis importantes.

Desde o primeiro expediente de xaneiro de 1905<sup>5</sup>, cóntanse outros seis posteriores entre 1906 e 1912, consistentes en ampliacións mediante adición de sucesivos edificios ata formar un conxunto con tres edificios principais e unha decena de pequenos pavillóns e depósitos.



Fábrica de fertilizantes do Cerro de la Plata. Plano do conxunto, 1906 (AVM)


<sup>5</sup> AVM. 16-26-47.

*Sociedad General de Industria y Comercio. Fábrica de Madrid.*

*Plano general del aparato para Acido sulfúrico.*

*Escala de 1:100.*


*Corte AB.*



*J. P. P. P.*  
*1906*

*Corte CD.*

SOCIEDAD GENERAL DE INDUSTRIA Y COMERCIO  
CALLE DE...  
*J. P. P. P.*



*Miguel...*

O primeiro establecemento prevía a construción de dous grandes edificios de planta oblonga e diáfana cunha orde modular de piares de ladrillo revestido dispostos en retícula, «con sujeción a los principios modernos». Cada edificio destinábase a un uso; un deles como fábrica de fertilizantes e o outro como fábrica de ácido sulfúrico: «el más bajo se hallará destinado a los hornos de piritas, y el otro se destina a contener las cámaras de plomo con todos sus correspondientes accesorios» Ás dúas construcións sumábaselles unha cheminea de ladrillo de 40 metros de altura.

Na solicitude de licenza Thiebaut sostén que esta instalación vén «á llenar una necesidad há tiempo sentida en esta provincia y á contribuir á un engrandecimiento industrial y alivio en parte de la clase obrera», en referencia ao alto desemprego da época, que causaba gran número de desafiuzamentos e fame negra no Madrid de principios de século.

A localización xustificábase entón por estar afastado de calquera barriada habitada, e contiguo á fábrica de gas: «No es más que un complemento a la misma, destinada más bien a suplir las primeras materias que necesita emplear y en esta zona no se producen».

Non obstante, ao tratarse dunhas instalacións fabrís cualificadas polas ordenanzas como «establecimientos insalubres, incómodos o peligrosos», o Concello trasladou un requirimento en que se solicitaban planos a maior escala e definición, xunto a unha memoria complementaria en que se describise con todo detalle a fábrica e o seu funcionamento; grazas a esa valiosa información ampliada, podemos coñecer maiores detalles dunhas instalacións xa desaparecidas: por exemplo, que se empregaba o método Benker e Hartman para a produción de ácido sulfúrico, «que luego ha de utilizarse casi en su totalidad en la fábrica de la Sociedad de Gasificación, donde se enviará por medio de una tubería construida al efecto».

O 28 de abril de 1906, nun segundo expediente<sup>6</sup>, solicítase licenza para ampliar o conxunto que xa está en plena construción. Nesta ocasión, engadíase o terceiro grande edificio destinado a almacén xeral e laboratorios, cunha coxía única de dúas plantas, con fábrica de ladrillo e estrutura metálica. Ademais, proxectábanse un depósito de auga elevado, todo metálico, e outro feito en chumbo para conter o ácido sulfúrico.

A pesar de que a tramitación de licenzas sempre foi un penoso proceso na historia do Concello de Madrid, finalmente resolveron en xaneiro de 1908:

Visto el expediente instruido a instancia de D. Alberto Thiebaut [...] para construir varias edificaciones auxiliares de la fábrica [...] establecida en el sitio denominado Cerro de la Plata (extrarradio), a cuyo efecto acompaña planos y memoria descriptiva suscritos por el Arquitecto D. Antonio Palacios, el Excmo. Ayuntamiento en sesión celebrada en 20 de diciembre último se sirvió concedérsela [...].

<sup>6</sup> AVM. 21-382-69.

Cos elementos básicos para o funcionamento da fábrica, Palacios continuou engadindo pequenos pavillóns e almacéns segundo as necesidades, como por exemplo o almacén de nitratos que solicitaron en maio de 1908<sup>7</sup>, construído contra un muro de contención, o que permitía a anchedura superior de tres compartimentos desde unha pasarela, e o posterior desaloxo desde abaixo a través de dous portóns. Palacios relegou parte da descrición da memoria á precisión dos planos exquisitamente debuxados; o que en palabras denominaba «mampostería ordinaria» era unha cachotaría concertada e angulosa ao estilo ferroviario, o que demostra que ata o máis básico das cuestións pétreas tiña para Palacios xa de entrada certo refinamento.

En novembro dese mesmo ano, cursouse un cuarto expediente<sup>8</sup> para construír unha caseta para transformadores eléctricos —quizais alimentados pola veciña S.G.I.— e meses despois un taller de reparacións<sup>9</sup>, en agosto de 1909; na planta xeral aparecen algúns módulos xa edificadas e dos que, non obstante, non se atopou —aínda— constancia documental: almacén de sacos, vivenda, fragua, báscula para carros, báscula para vagóns ou o taller de mestura, entre outros. Todo un mundo de instalacións que orbitan arredor da fábrica.

O conxunto da Sociedad General de Industria y Comercio segue aumentando en 1912, con senllos expedientes para un almacén de fosfatos e a súa ampliación. O primeiro documento<sup>10</sup>, en febreiro de 1912, non o asina Palacios (estaría en Galicia?), senón o seu socio Otamendi; trátase dunha coxía simple e lonxitudinal, de estrutura de madeira seguindo o esquema do resto de edificacións. No segundo documento<sup>11</sup>, de outubro, Palacios prolonga o almacén de Otamendi, desdobrando a súa coxía e introducindo a toda a estrutura unhas contratesoiras de arriostamento perpendiculares aos seus coitelos; sería o mesmo concepto que poucos anos despois empregaría na estrutura metálica das cocheiras do Metro.

Coincidindo co inicio da I Guerra Mundial, en xullo de 1914, de novo Otamendi rubrica unha ulterior ampliación do almacén de superfosfatos<sup>12</sup>. Trátase da última referencia atopada no arquivo, que pecha e completa o conxunto documental sobre a desaparecida fábrica do Cerro de la Plata.

Desde o seu asentamento, a empresa anunciaba frecuentemente en prensa os seus produtos químicos de fertilizantes e superfosfatos de marca GEINCO, acrónimo da sociedade. A partir da década dos 30 empezou a predominar a denominación da filial Unión Española de Explosivos (U.E.E.), da que Thiebaut era tamén administrador. En 1932 e 1935 dáse noticia de dous pequenos incendios «en unos almacenes de productos químicos» no Cerro de la Plata que foron sufocados sen maior transcendencia.

<sup>7</sup> AVM. 16-330-68.

<sup>8</sup> AVM. 16-330-65.

<sup>9</sup> AVM. 19-93-20.

<sup>10</sup> AVM. 18-204-88.

<sup>11</sup> AVM. 18-204-83.

<sup>12</sup> AVM. 21-371-14.



Incendio da fábrica do Cerro de la Plata, 1953  
Fotografía: Santos Yúbero. Archivo Regional de la Comunidad de Madrid, Sin. 010975

No verán de 1936, coa Guerra Civil deixáronse de anunciar os fertilizantes, pero o gran desastre chegaría moito despois, en xullo de 1953, cando a fábrica foi definitivamente pasto das lapas.

A instantánea do infausto suceso foi captada polo fotorreporteiro Santos Yúbero, sendo recollido en prensa por ABC<sup>13</sup>:

Ayer, a las cinco y cuarto de la tarde, se declaró un violento incendio en la fábrica de abonos y productos químicos, de la Unión Española de Explosivos, sita en el Cerro de la Plata; [...] el fuego se inició en la sección de sulfato de hierro, en la que trabajaban gran número de obreros, y rápidamente se propagó de dichas naves, construidas con maderas embreadas.

Este incendio supuxo primeiro a degradación e posterior desaparición dunha das primeiras obras de Palacios, que tivo un abandono progresivo, aguantando en ruínas ata que foi demolida na década dos oitenta.

A mencionada filial Unión Española de Explosivos, pola súa banda, tivo tamén un campus industrial de menor entidade nun predio coñecido como «Huerto del Señorito», situado na antiga Carrera de San Isidro, na desembocadura do regueiro Luche (Aluche) e moi próxima á desaparecida estación de Goya (unha vez máis a industria colocábase arredor do ferrocarril). Deste conxunto localizáronse polo menos tres expedientes coa sinatura de Palacios entre 1907 e 1913, coincidindo polo tanto co desenvolvemento do Cerro de la Plata.

O *Heraldo de Madrid* describía en 1933 o complexo<sup>14</sup>:

En la carrera de San Isidro, y en el centro de una hermosa finca, cuya extensión pasará de unas quince hectáreas, entre espléndido arbolado y artísticos jardines,

<sup>13</sup> ABC, xullo 29, 1953, 19.

<sup>14</sup> *Heraldo de Madrid*, marzo 17, 1933, 12.



de 1907<sup>15</sup>, para construír «dos cobertizos cerrados que se destinarán a almacenes, [... el mayor] a almacén de tacos de fieltro y cartón, plomo viejo, perdigones y casquillos vacíos de latón [... y el menor] a almacén de envases vacíos». En xullo de 1909 avanzaron unha reforma<sup>16</sup> e obras de nova planta, como a substitución dunha vivenda por outra nova (posiblemente un dos edificios aínda conservados), un depósito de auga, bueiro, pontón, casa de garda, almacén e celeiro.

Chama a atención —polo seu vangardismo— a preocupación profesional de Palacios pola seguridade no traballo: «En la construcción se adoptarán las medidas de seguridad que recomienda el arte de la construcción y se atenderá en todo a lo que las ordenanzas municipales vigentes tienen prescrito».

As ordenanzas municipais foron moi acertadas en cualificar este tipo de establecementos como perigosos, e tampouco escaparon estas instalacións da U.E.E. dalgún accidente, como recolle *El Liberal*<sup>17</sup>:

En uno de los talleres de la fábrica de la Unión Española de Explosivos ocurrió ayer tarde, á las cinco y media, un accidente á consecuencia del cual sufrieron graves lesiones cinco obreras que se hallaban trabajando en dicha fábrica, sita en la Carrera de San Isidro, número 22. Afortunadamente el accidente no tuvo los caracteres de una catástrofe [...]. La fábrica de la Unión general de Explosivos es un vasto edificio en el que trabajan centenares de obreros, en su mayoría mujeres. En el taller donde se produjo la explosión trabajan sesenta obreras, cuya misión es efectuar la carga de cartuchos para escopeta.

Os últimos tres pavillóns proxectáronse nese mesmo 1913, para almacén de cartuchos cargados, oficinas e unha caseta de probas de tiro<sup>18</sup>. A partir de aí existen referencias hemerográficas ata os anos previos á Guerra Civil; a zona foi tan castigada nos tres anos de conflito que non hai noticias de que se retomase a actividade posteriormente.

Neste primeiro período profesional, é moi salientable que Palacios empregase estruturas de madeira, xa que ata a actualidade era un aspecto menos coñecido do seu labor construtor; o que sabiamos era o evidente: abrazou moi cedo o emprego de estrutura de esvelta perfilaría metálica en combinación con estruturas de fábrica e muros de carga.

Malia que Palacios era como un paxaro que tendía a voar sempre que podía, asumiu as limitacións lóxicas da industria, na procura desa optimización entre custo e uso; deste xeito, aínda en 1916 deseñou en madeira uns lixeirísimos alpendres para os talleres de Torán e Harguindey na rúa Juan Bravo, n.º 82, esquina coa rúa Alcántara<sup>19</sup>; no mesmo expediente consta outra intervención anterior do seu discípulo Modesto López Otero, quen tamén realizaría para Torán e Harguindey en 1924 o garaxe de Villamejor, seguindo a estética do seu mestre Palacios, aínda

<sup>15</sup> AVM. 16-329-44.

<sup>16</sup> AVM. 19-93-19.

<sup>17</sup> *El Liberal*, setembro 7, 1913.

<sup>18</sup> AVM. 19-95-51.

<sup>19</sup> AVM. 19-414-12. *La Construcción Moderna* 13 (xullo 15, 1903): 286.

que por acharse fóra de Madrid o proxecto foi rubricado por Mariano Aznárez, sobriño de Torán<sup>20</sup>.

A relación de Antonio Palacios con Torán e Harguindey foi moi intensa e prolongada. Con eles comezou levantando as casas de Humilladero (1904-1907) e Marqués de Villamejor (1906-1907), con estrutura metálica moi esvelta, segundo relata o arquitecto Jaime Tarruell, bo coñecedor do edificio; máis tarde foron os construtores do Palacio de Comunicaciones (1904-1919), o Banco Español del Río de la Plata (1911-1918), o Hospital de Jornaleros de Maudes (1908-1916), o Sanatorio de la Fuenfría (1917-1921) ou o famoso Hotel Florida (1922-1924). Cunha colaboración tan estreita, loxicamente a compenetración foi máxima, de modo que tamén foron os promotores do edificio comercial de Cedaceros (1913-1914), n.º 8 e 10, na última planta do cal asentou Palacios o seu propio estudio.

Estes edificios si incorporaron estrutura metálica, chegando a manter nalgúns casos a estética industrial coa perfilaría de porlóns de ancoraxe á vista, como é o caso da torre de Correos<sup>21</sup>, os forxados do Banco Español ou a lixeirísima galería-pasarela acristalada que cruza en Maudes do hospital ao antigo pavillón operatorio. Palacios, que era un esteta dos materiais, apreciou a nudez estrutural tanto na linguaxe pétreo como na férrica, e a súa combinación, como se pode apreciar en moitas das súas obras.

Outro caso en Galicia, o conxunto para o Balneario de Mondariz (1909-1924) incluía unha das obras industriais de Palacios, hoxe perdida, que foi a planta embotelladora na galería anexa ao gran templete que acubilla a famosa Fonte da Gándara; contrasta a rotundidade da fábrica de perpiaños con escasas concesións ornamentais, fronte ás vigas en celosía que forman o forxado da sala de embotella-



<sup>20</sup> Testemuño oral do arquitecto García Mercadal, transmitido por Jaime Tarruell.

<sup>21</sup> Jaime Tarruell sempre recorda que o pai de Chueca Goitia, Ángel Chueca, foi o calculista de varias das súas obras.

mento. O aspecto hixienista e moderno da embotelladora de Mondariz daba unha sensación de «mucha luz, mucha limpeza, el suelo de baldosa gris y los muros de azulejo blanco», tal e como nos traslada Yolanda Pérez no seu estudo monográfico acerca do balneario, sobre o que ten varias publicacións.

As obras no balneario foron tan complexas que non chegaron a rematarse moitas das pezas pensadas por Palacios. A propia cúpula da Fonte da Gándara quedou sen rematar conforme o proxecto, de aire moito máis marcadamente modernista.

A destrución do tecido comercial coa Guerra Civil acabou de afundir este establecemento, que fora concibido como un «resort» de luxo e modernidade, cun espírito máis próximo á metrópole que ao mundo rexionalista galego.


Aínda que en aparencia sexan linguaxes diferentes, o rexionalismo e metropolitanismo —permítase esta formulación— da obra de Antonio Palacios son dúas expresións, adaptadas ao medio, dun mesmo pensamento, dun mesmo posicionamento vital que diferenciaba entre o rural e o urbano.

Tras Mondariz, Palacios recibe a encarga de deseñar uns talleres industriais en Madrid, para o Instituto Católico de Artes e Industrias (I.C.A.I.) en 1911, substituíndo un proxecto anterior (1909) de Luis de Pontes que, aínda que contaba con licenza, non fora realizado.

De novo atopamos o mesmo proceder entre as robustas fachadas angulosas dos talleres do I.C.A.I. e as súas esveltas estruturas remachadas interiores, retomando a solución de dente de serra e o piar composto por perfís e platinas a xeito de celosía, xa empregados en Grasset, Correos ou o Banco Español e que uns anos despois aparecerán nas solucións estruturais das cocheiras do Metropolitano, perfilaría que, por outro lado, con toda seguridade está presente noutros moitos casos en que quede oculta por un revestimento.

No I.C.A.I. introduce o trazo da combinación intercalada de pedra e ladrillo visto compondo unha fábrica mixta que non estaba presente en ningunha das súas obras anteriores. O ladrillo desde logo non era alleo a Palacios, que estudara arquitectura en Madrid, pero si lle podía estrañar ao seu ADN galego, afeito á cantaría e ao perpiaño potente, polo que en poucas das súas obras queda visto, empregado case sempre baixo revocaduras e lucidos.

Os talleres do I.C.A.I. hoxe en día están completamente desfigurados, pero, de se teren conservado, serían un dos mellores exemplos da súa sobriedade monumental. A orde clásica descomponse en xeometrías cúbicas, facendo destacar as únicas curvas que introduce como remate dos vans e balaustrada, nunha arcada continua, como se do alzado dun acueduto se tratase. A alusión en proporcións de vans e trazas ao Palacio de Correos e ao Hospital de Jornaleros confírelles unha familiaridade aos tres edificios, pero ten esa severa rotundidade, con pilas-tras de gran grosor e orde xigante, cuxos capiteis prismáticos veñen converterse en impostas sucesivas, e cunha cornixa que por pouco adquire a connotación de entaboamento. Nas liñas verticais, unha sorte de pináculos facetados remata a elegante e sobria composición. Polo demais, Palacios da un paso cara á ausencia de ornamentos, aínda que sorprendentemente aparecen uns cadrados con tondos



semiesféricos na fachada —que non figuraban nos planos— moi similares aos que remachan o friso cerámico na cornixa de Maudes. Ao coñecelos unicamente por fotografías en branco e negro, non podería aventurarse se eses elementos foron pétreos ou cerámicos.

### Os oficios na arquitectura: proxectos para a industria artesá

Está claro que Palacios tiña un compromiso intelectual cos oficios artesanais, que incorpora sempre que pode nas súas obras, a través da escultura, a cerámica, a forxa artística, revestimentos, carpintaría..., unha relación moi intrínseca a ese mundo que o rodeaba, en que as exposicións de artes e industrias estaban á orde do día e marcaban tendencia; sumado por suposto á influencia que recibiu dos seus mestres Arturo Mérida e Ricardo Velázquez Bosco, nos cales o azulexado artesá importaba tanto como os avances tecnolóxicos e novas instalacións.

Acaso porque a terra, o barro, se poden moldear, esa plasticidade tiña algo especial que complementaba a inflexible firmeza do granito e a calcaria. Dous aspectos, o indeformable como expresión da eternidade, e o moldeable como expresión da vontade e do desexo, que xuntos representan a dualidade do ser humano e a súa esencial contradición. E o matiz da cor, importante poder introducir a cor para alguén que tiña afección a debuxar con pasteis, e pintar óleos e acuarelas ademais de tomar apuntamentos en directo en todas as súas viaxes. Recentemente José Ramón Iglesias Veiga publicou o marabilloso libro *Unha viaxe por Galicia*, que reúne as estampas que Palacios fixo da súa terra, descubrindo

así a súa mirada cara a detalles da arquitectura vernácula galega e as xentes que humanizan esas paisaxes tan auténticas. O uso de pezas esmaltadas, ou mosaicos, permitían esas pinceladas cromáticas como parte indisoluble da percepción global da obra.

En efecto, a presenza de cerámica ornamental e de esculturas é unha constante nos deseños palacianos; decoracións que aparecen xa desde as primeiras pontes, a Fonte do Cristo do Porriño (1904-1905), o Palacio de Cibeles, etc., cobrando especial protagonismo a fonte Maragliano para o pavillón da Exposición Nacional de Artes Decorativas de 1911.

As exposicións eran eventos sociais en que se reunían e exhibían os últimos avances tecnolóxicos, de maquinaria, industria, decoración ou artes. En 1909 tivo lugar en Compostela a Exposición Regional Gallega, unha mostra con especial presenza da industria local: obras públicas, faros, estradas e pontes, pezas eléctricas, centrais hidroeléctricas, e outras industrias químicas, de minaría ou produción agroalimentaria. Como galego que era, Palacios foi contratado pola sociedade de Recreo Artístico e Industrial para que levantase o seu particular pavillón na Ferradura compostelá. O quiosco, de marcada inspiración *jugendstil*, alude directamente á linguaxe de Wagner e Olbrich, en necesaria simbiose coa aura rexional que impuña o evento; o magnífico resultado foi moi ben acollido, como se aprecia nunha crónica en que Lampérez gaba esta singular obra, hoxe cernada: «La elegante y bellísima manera personal del autor se refleja bien en líneas y detalles. La adaptación de aquella teoría de músicos que bordean la puerta de ‘La Gloria’, á cosa tan distinta, tan fresca, y modernísima [...]»<sup>22</sup>.

En toda a súa obra Palacios empregou tamén azulexos semiindustriais das fábricas sevillanas de Triana, como Mensaque ou Ramos Rejano, con especial predilección polo esmalte de bronce metalizado, moi en voga nese período, que é cando foi novidade. Atópamola na Fonte da Gándara, na igrexa de Maudes, no Sanatorio de la Fuenfría, e nas distintas estacións e instalacións de Metro, aínda que apenas quedan restos conservados nos vestíbulos das paradas de Progreso (hoxe Tirso de Molina), Pacífico ou Chamberí (completamente conservada por ter quedado fóra de servizo en 1966). Outros arquitectos, como o seu rival académico Teodoro de Anasagasti, tamén os empregaron, conservándose en parte os do café do Teatro Pavón (1924).

Tamén se incorporaban pezas máis singulares nos proxectos que eran xa obras de obradoiro, e concretamente de Daniel Zuloaga, con quen Palacios contou fielmente ata o seu falecemento en 1921. A partir dese momento entraría en escena Sebastián Aguado, ceramista de Toledo formado na Escola de Artes e Oficios de San Juan de los Reyes, xunto á cal estableceu a súa vivenda no antigo Palacio de la Cava. Aguado, que, segundo nos conta Antonio Perla tamén neste catálogo, traba-

<sup>22</sup> Vicente Lampérez. *Arquitectura y Construcción* (deseptembro, 1909): 9.

llara con Arturo Mérida —mestre de Palacios—, mandou que lle fixesen un forno no patio e converteu a súa propia casa no seu obradoiro de artesanía. Alí fixéronse á man os escudos das provincias españolas que engalanaban o vestíbulo do Metro de Sol, e máis tarde os elementos ornamentais para o Círculo de Bellas Artes, incluídos os bancos refractarios da piscina do complexo.

Nos albores do turismo moderno, Aguado fabricaba pratos, vasos e vasillas para vendelos como *souvenirs*; o seu emporio medraba e era un reclamo para os visitantes de Toledo, polo que en 1924 Palacios concibe unha ampliación<sup>23</sup> da casa-taller da vella casona castelá, para acoller un espazo expositivo de venda atractivo, co produto que manufacturaba Aguado *in situ*. Aínda que os descendentes tiñan coñecemento diso, este proxecto era totalmente descoñecido na antoloxía de Antonio Palacios. Chama moito a atención polos seus alzados, completamente adaptados ao lugar onde se insiren, levando o arquitecto a empregar excepcionalmente o aparello toledano.

O outro taller que Palacios concibiu era o do seu estreito colaborador, o escultor Ángel García, na rúa Ríos Rosas en 1909<sup>24</sup>:

La planta baja, de 3,70 metros de altura, se destinará principalmente a talleres de obras en mármol; y la planta superior, de 4,00 metros de altura, se dedicará a talleres de vaciado de escayola [...].

La construcción se ejecutará principalmente con fábricas de ladrillo de Villaverde, con mortero de cemento; constituyéndose los suelos con viguetas de hierro [...].

A fachada principal, que recorda o concepto da estación de La Concordia de Bilbao coa súa cristaleira en arco, era un espazo a toda altura destinado a ser estudio de modelaxe; estaba flanqueada por dúas torres, rematadas por dúas grandes esculturas de xinetes con facho en corveta, idénticas ás da ponte de Donostia e que eran obra do propio escultor. Quizais mesmo se trataba de baleirados directamente daquelas figuras ecuestres, pois segue Palacios na descrición:

Los muros exteriores irán revocados y estucados en imitación de piedras naturales, por el procedimiento llamado á la catalana. El resto de la decoración, se ejecutará en piedra artificial, en todos aquellos elementos escultóricos que han de dar carácter al edificio.

Este aceno á ponte do Urumea podería confirmar a hipótese de Perla da participación de Palacios e Otamendi na realización daquela obra.

Outra consideración de interese é a referencia ao uso de revocaduras, estucados ou o tipo de morteiro, que vincula estreitamente a Palacios cos materiais e o seu emprego. Non en van, Palacios foi vogal membro da Comisión Especial para a redacción do Prego de Cales e Cementos, formada en abril de 1910 e composta toda ela por enxeñeiros de camiños, a excepción de Palacios e o presidente, María-

<sup>23</sup> Archivo Municipal de Toledo. Caixa 06121. Exp. 28.

<sup>24</sup> AVM. 25-24-10.

no Cardenera, que daquela era o director da Escola de Camiños e inspector xeral de Obras Públicas<sup>25</sup>. O prego técnico finalmente viu a luz en 1919.

O noso arquitecto definitivamente estaba en todo.

## **Palacios e Mengemor, a fusión total de arquitectura e enxeñaría**

Segundo se anunciaba antes —e aínda a risco de romper unha estrita cronoloxía—, era conveniente separar, no relato sobre a obra industrial de Antonio Palacios, a repercusión tan profunda que tivo asociarse con Joaquín Otamendi. Aínda que compartiron estudio ata 1919, cando Joaquín obtén a praza de arquitecto de Correos (Pérez Rojas 1987, 124), distínguese claramente a preeminencia de Palacios na traza e deseño das obras; así se advirte nas obras netamente asinadas en solitario por aquel. Tras os primeiros concursos, e colaboracións quizais en estudos doutros arquitectos, abren unha liña de colaboración coa novidosa Sociedad Mengemor, en que participaba Miguel Otamendi, quen acabaría consagrando a súa vida ao proxecto de Metro.


Miguel Otamendi foi un dos membros fundadores en 1904 de Mengemor (acrónimo de MENdoza, González Echarte e MOReno), pioneira consultora de enxeñaría en que os socios constituíntes eran ademais empresarios, deseñando e executando os seus proxectos, e controlando desde o concepto de negocio ata a súa realización e desenvolvemento. O capital fundacional da empresa foi unha central eléctrica no barrio periférico de Tetuán de las Victorias, ao norte de Madrid, adquirida por estes enxeñeiros un ano antes, en 1903, por 75.000 pesetas<sup>26</sup>.

A Central de Tetuán fora establecida pola Sociedad Anglo-Española de Alumbrado en maio de 1897; era unha fábrica de electricidade que funcionaba cunha turbina de «gas pobre» e almacenaba o fluído nun gasómetro, de capacidade similar ao existente no «Campo del Gas» da Ronda de Toledo. Como sostén o enxeñeiro Antonio Manuel Sanz, é imprescindible explicar o funcionamento destas instalacións para complementar a visión de contedor a que os arquitectos nos limitamos por regra xeral e poder entender o sentido da obra industrial.

Esta fábrica de luz foi redeseñada e ampliada por Palacios, segundo constaba na súa relación de méritos académicos de 1916, pero ata hai pouco non existía ningunha imaxe gráfica de como era, converténdose practicamente nun arcano mitolóxico. A través de planos de ampliacións posteriores, levadas a cabo polo arquitecto Luis Sainz de los Terreros en 1931, púidose restituír o estado orixinal deseñado por Palacios.

<sup>25</sup> «El Ingeniero. El pliego de los cementos», *Madrid Científico*, n.º 817 (1914): 375-377.

<sup>26</sup> Dato publicado en *Revista Electrón* (febreiro 10, 1904).



A hipótese de reconstrución foi presentada en 2019, nun relatorio<sup>27</sup> no congreso de INCUNA, que se celebra anualmente en Xixón; dado que se basea en planimetría posterior que indica claramente as partes preexistentes, a verosimilitude da proposta semella acertada. Máis incerta sería a datación, aínda que nos atrevemos a situala entre 1904 e 1906, por contexto lóxico.

A central, que se localizaba ao final da rúa General Margallo (números 33 e 35), compúñase dunhas oficinas con tres plantas anexas á nave de turbinas, cuberta a dúas augas, con remonte central para ventilación e iluminación natural. Sería un espazo moi similar á subestación de Metro na rúa Castelló.

<sup>27</sup> «La desaparecida Central Eléctrica de Tetuán en Madrid: retos y trazas de una reconstrucción». Álvaro Bonet López e Antonio Manuel Sanz Muñoz. *Congreso INCUNA* (2019).

Co tempo pasou de ser produtora de enerxía a ser unha subestación de distribución, pero de certa importancia, pois dela dependía todo o sector norte de Madrid e Chamartín de la Rosa. En 1927 foi vendida á Compañía de Electricidad del Pacífico e pouco tempo despois produciuse a dita ampliación, cuxa planimetría ten a virtude de representar por cores as partes orixinais e reformadas; iso, e a decisión do arquitecto de manter a unidade estilística, permitía unha lectura de dobre sentido para interpretar o estado orixinal da obra de Palacios.

A apertura da rúa Orense levou por diante a parte orixinal, sobrevivindo a parte de Sainz de los Terreros ata os anos oitenta, en que finalmente desapareceu.

Un dos primeiros proxectos encargados externamente a Mengemor foi a creación da Hidráulica Santillana e a construción do encoro de Manzanares el Real. E é que a electrificación de España estaba por facer. En realidade, xa tiñan o ollo posto nun posible medio de transporte revolucionario para converter Madrid nunha metrópole moderna, o Metro; e iso non era posible sen unha subministración eléctrica fiable e garantida. Talvez por iso non callara ningún dos intentos previos durante tres décadas.

En setembro de 1904, Miguel Otamendi e González Echarte acudiron convidados como delegados españois á inauguración do Metro de Nova York; os suburbanos de Nova York e París (1900) serían os referentes para o proxecto de Ferrocarril Metropolitano que, xunto a Carlos Mendoza, empezaban xa a deseñar na oficina.

Tras estas tarefas, a sociedade Mengemor emprendeu outra misión de gran magnitude e singularidade: un salto hidroeléctrico en Mengíbar (Jaén) sobre o río Guadalquivir. Foi a primeira presa con comportas móbiles de España, e o deseño arquitectónico recalou de novo en Palacios.



Central e presa de Mengíbar, 2019 / Fotografía: autor

O edificio da central sitúase sobre a rasante da auga represada. As comportas regulan o caudal de auga, reténdoa en estiaxe e soltándoa nas avenidas. É como un templo da electricidade, repartido en dous volumes de distinta altura, pero grande unidade compositiva, cun único espazo no seu interior e unha enorme ponte-guindastre que se move no eixe lonxitudinal da nave. Construído todo en cantaría, salvo as enxuntas dos arcos en cachotaría concertada, o ritmo márcao a secuencia de grandes arcos de extradorso xeneroso e pilastras de orde xigante; Palacios parece retomar algúns conceptos do I.C.A.I., pero certamente a estética ciclópea, case brutalista, non ten nesta ocasión concesións decorativas, máis alá dos xogos volumétricos. Uns dados emulan un recordo conceptual de capiteis, e unhas impostas parciais marcan a unidade global. De novo aparece a cornixa graduada, moi querida por Palacios nas súas composicións, e que veremos presentarse en edificios de Metro encintando os vans, como nas cocheiras de Cuatro Caminos ou a subestación da rúa Olid.

Subsiste tamén unha construción en ruínas con lucido de cor ocre, no cruzamento da antiga estrada de Bailén co río Guadalquivir, que —polas súas características e proximidade ao encoro— cabe pensar que fose a oficina desde a que se dirixisen e controlasen os traballos. A súa estampa, cunha esquina en curva, con miradoiro e ático de remate, garda semellanza coa Botica Nova do Porriño, polo que me atrevo a atribuír á man de Palacios o que sería outra peza inédita máis para o seu catálogo.

Comezada en 1913, a Central de Mengíbar foi finalmente inaugurada por Afonso XIII o 30 de novembro de 1916. Os nosos protagonistas están ás portas de comezar a aventura do Metro.

## **O Metro de Madrid, o desafío de desenterrar a arquitectura**

Se Miguel Anxo dicía que podía ver dentro dun bloque de mármore a escultura e que el soamente se limitaba a quitar o que sobraba, así tivo que concibir Palacios a arquitectura do Metro. Por primeira vez tiña que deseñar desde as entrañas e determinar como se presentaba logo na cidade, como emerxía o monstro. Enfrontábase á dimensión da obra pública, algo extenso e incommensurable. A resposta tiña que ser universal. Que aspecto debía ter o Metro?

A poboación nunca experimentara a sensación de baixar á mina, ao averno, e por iso era esencial que o descenso fose o máis amable posible. Aquí o argumento era o contrario á nudez: o Metro tiña que estar tapizado, todo cuberto de cerámica. Nese sentido Palacios non inventara nada, e os precedentes noutras cidades xa se achaban vestidos de azulexos. O que si achegou foi a idea da cor intensa, abundante, e as formas suxestivas; era necesario volume e textura, é dicir, cerámica.

Quizais o vestíbulo de Sol puido ser un dos máis abraiante da historia mundial dos suburbanos: un friso de cornucopias con todos os escudos das provincias españolas, unha billeteira central de mármore e latóns entre catro piares que suxeitaban un gran lucernario cenital. O arquitecto Vicente Patón (1948-2016)



Vestíbulo de Sol. Acuarela de Palacios en publicación original de Metro, 1924./Arquivo do autor

—presidente fundador da asociación Madrid Ciudadanía y Patrimonio— contaba como recordaba aquel vestíbulo na súa infancia, como unha cova máxica, escura, pero na cal escintilaban centos de brillos; sen dúbida, o lucernario cegado e a luz incandescente xeraban unha atmosfera fantasmagórica para a mirada curiosa dun neno. Meter luz natural nos vestíbulos era o xeito de diminuír o contraste entre as plataformas e o exterior, e fíxose sempre que as condicións e profundidade o permitiron. Este xesto delicado eliminouse posteriormente e non queda nin unha soa bufarda orixinal conservada.

A concesión do Ferrocarril Metropolitano Central, nome primixenio do proxecto, foi solicitada ao Ministerio de Fomento en maio de 1914 a instancias de Miguel Otamendi<sup>28</sup>, e cun plan de catro liñas, detallando condicións, pendentes máximas, intervalos, seccións dos carrís, e cantos detalles concisos á par que indefinidos que daban solución a todas as interrogantes que a proposta suscitase; nas 101 páxinas de memoria xustificábanse desde o trazado ata as tarifas. Outorgouse por R.O. do 19 de setembro de 1916; o Banco de Vizcaya ofreceu financiar con 4 millóns (a metade do capital inicial) se conseguían investidores suficientes que cubrisen a outra metade; para entón Otamendi xa conseguira convencer o rei de achegar preto de 2 millóns de pesetas. Así naceu a denominación de Compañía Metropolitano Alfonso XIII.

Para o monarca debeu de ser un negocio, como o insinuaría unha nota de 1924 da secretaría persoal en que se anota a cantidade de 210.000 pesetas en

<sup>28</sup> AGA. Sin. 26-21353.

concepto de 84 décimas de cédula de concesión a 2.500 pesetas cada unha; «conviene manterlo secreto», engade.

Parece un camiño sinxelo, e quizais teña algo de conxunción astral, porque o certo é que, ata alcanzar un proxecto viable, houbo moitas tentativas previas malogradas durante décadas; coñécense ata sete diferentes alternativas desde Locatelli en 1884 a García Faria en 1892, como compendia o meu compañeiro Luis Manuel Marco nun traballo académico, cunha inédita proposta gráfica, representando todos os proxectos a partir dun mesmo plano base (Marco Fernández 2015).

Unha vez constituída a nova compañía con Miguel Otamendi á fronte, preparáronse os planos de detalle, licitando a primeira liña norte-sur entre Cuatro Caminos e Progreso. Como requisito da concesión, instábase o comezo das obras nun prazo de tres meses desde a publicación na *Gaceta*<sup>29</sup>, e a súa execución nun tempo máximo de tres anos para a primeira liña e once en total para completar a concesión. As obras empezaron o 23 de abril de 1917 na Puerta del Sol<sup>30</sup>, e fóronse abrindo pozos de ataque simultaneamente por todo o percorrido para ir avanzando as galerías ao longo do trazado previsto. A empresa encargada de facelo, Hormaeche, era a mesma que levara a cabo o ferrocarril de Canfranc.

Nos paneis instalados na Puerta del Sol rezaba o seguinte rótulo: «Compañía Metropolitana Alfonso XIII. Inauguración de la línea norte-sur octubre 1919». A capacidade de organización das tarefas e o coñecemento de todo o que lles concernía para levar a cabo tan arriscada aventura permitiu verificar a data anunciada, producíndose a inauguración o venres 17 de outubro de 1919.



<sup>29</sup> *Gaceta de Madrid*, n.º 17, xaneiro 17, 1917, 150-151.

<sup>30</sup> É moi frecuente atopar a data do 17 de xullo de 1917 como inicio das obras do Metro. É un erro, cuxa orixe pode ser o propio Miguel Otamendi nunha publicación

de 1944, faltándolle a memoria ou por equivocación. O certo é que empezaron o 23 de abril de 1917, como testemuña a prensa da época.

Aínda que os túneles estaban perfectamente definidos, entre novembro de 1917 e abril de 1918 fóronse concretando os detalles das estacións e o deseño definitivo das cocheiras e talleres en Cuatro Caminos.

Despois do seu percorrido profesional en obra pública e industrial, é incuestionable a total implicación de Antonio Palacios nunha obra como o Metro de Madrid; en concreto, o arquitecto sería o responsable de deseñar interiores de estacións, a súa decoración, vestíbulos, bocas e accesos, os seus farois anunciadores, balaustradas e reixas, os templetos de Sol e Gran Vía, as subestacións eléctricas de Quevedo e Salamanca, as cocheiras de Cuatro Caminos e Ventas, a Central de Motores en Pacífico e os talleres da rúa Valderribas.

Convén aquí facer fincapé no aspecto multidisciplinario do equipo de Metro de que Palacios formou parte. Por optimizar os tempos e axilizar os trámites, atopamos distintas sinaturas nos documentos, que por tratarse dun ferrocarril debía rubricar un enxeñeiro de camiños, segundo a Lei xeral de obras públicas de 1877. Ese é o motivo polo que a maioría dos planos fosen asinados polo enxeñeiro José Valentí de Dorda, outros poucos por Alejandro San Román e Miguel Otamendi, quen case sempre estampaba o seu visto e prace. Antonio Palacios como arquitecto asinou algúns, pero non todos. Outro caso, como o da mencionada Central de Motores, móstranos claramente quen asina nun caso ou noutro; ante o Ministerio de Fomento tiña que ser rubricada por un enxeñeiro de camiños (Miguel Otamendi) e outro industrial (o seu irmán, José María)<sup>31</sup>, mentres que ante o Concello tiña que asinar un arquitecto. Palacios estaba en todo, aínda que non o subscribise autografamente.

Isto motivou que, coa intención de desmerecer o valor indubidable do Metro como Patrimonio Industrial e Cultural, houbera algunha corrente negacionista, en colaboración coa función pública, para satisfacer intereses particulares contrarios á conservación destes bens. E é que resulta máis doado derrubar unha obra se a asina un enxeñeiro descoñecido como Valentí de Dorda, que se supón outra perda na lista negra de obras derrubadas de Antonio Palacios.

En efecto, a ausencia da rúbrica non é razón para non atribuírle ao arquitecto o deseño das estacións de Gran Vía e Sol cos seus templetos, que non contan co autógrafo de Palacios<sup>32</sup>, pois esta ausencia non menoscaba o xenio nin o evidente posicionamento intelectual do seu creador.

Mesmo despois da profunda investigación realizada ao respecto nos arquivos, non se pode asegurar que non poidan aparecer novos documentos no futuro; e, por outro lado, os expedientes ultimamente localizados referendan en todo o compromiso e participación de Palacios no Metro, polo que deixan completamente obsoletas incluso algunhas teses de doutoramento recentes sobre o tema, que non achegaron ningunha documentación significativa ao estudo do deseño do suburbano e a súa indisoluble vinculación co arquitecto.

<sup>31</sup> AGA. Sin. 26-22159

<sup>32</sup> AGA. Sin. 26-22288-04619.



Por exemplo, a solicitude de aliñacións dos talleres de Valderribas en 1922<sup>33</sup> non fora atopada porque o solicitante non era Metro, senón o anterior propietario do soar, César Pérez; Palacios, que asina o plano, actuaba neste expediente ademais de como arquitecto como representante da Compañía Metropolitana Alfonso XIII. O soar tiña fachada tamén pola rúa Granada, e o seu uso foi de intendencia da compañía, con garaxes para camiós que puidesen trasladar pezas e maquinaria, e talleres para fabricación de pezas. Varios detalles construtivos proveñen dos talleres de Cuatro Caminos, pero tamén se relaciona coa época da U.E.E. e o Cerro de la Plata. Palacios recorre a marcar os ritmos con pilastras, deixando nestes talleres todo o ladrillo a cara vista e xogando co seu aparello para xerar a composición. Tampouco faltaban os seus característicos miradoiros, que daban á praza interior, e apenas queda a imaxe gráfica da inauguración con Miguel Otamendi e a raíña Vitoria Euxenia.

Incautados seguramente na guerra, os talleres de Pacífico permaneceron moitos anos en mans do exército, e cando Metro recobrou a posesión xa non lles deu uso ningún, polo que quedaron moitos anos abandonados. O que resulta máis penoso é non ter descuberto a tempo esta documentación, xa que os inmobles foron derrubados en outubro de 2014, sen constar en ningún sitio que se derrubaba unha obra industrial de Antonio Palacios. Agora que o sabemos, é tarde.

Igual sorte correu o complexo de cocheiras e talleres de Ventas. O edificio de oficinas e vivendas rematado cunha torre, similar ao de Cuatro Caminos, foi demo-

<sup>33</sup> AVM. 9-281-73.

lido hai varias décadas, mentres que as cocheiras foron derrubadas en 2009, quedando en pé un pavillón lonxitudinal que botaron abaixo a finais de 2017. Do recinto deseñado por Antonio Palacios —e edificado entre 1922 e 1924— só sobreviviu a embocadura do túnel, que segue un modelo baseado no de Cuatro Caminos.

Foron eses anos moi prolíficos na construción de Metro e, ademais das novas estacións da liña 2 e a continuación da liña 1, Palacios encargouse de realizar as subestacións da rúa Castelló, n.º 19<sup>34</sup> e da rúa Olid, n.º 7<sup>35</sup>, cunha ampliación en 1928. O seu deseño segue a mesma liña que o resto de construcións urbanas de Metro.

Sen dúbida a máis rechamante destas realizacións sería a Central de Electricidade de Pacífico, ou Nave de Motores<sup>36</sup> —milagrosamente conservada intacta—, á que a súa presenza simbólica requiría unha imaxe máis monumental. O obxectivo de levantar esta central non era outro que ter a independencia enerxética para que o Metro seguise funcionando en caso de corte ou caída da subministración do fluído eléctrico. O sistema de produción era a través de tres grandes motores suízos de diésel. Nunha nave contigua achábanse os acumuladores, mediante os cales podía funcionar como subestación.

O tratamento dos materiais combina ladrillo visto con cantaría en apilastrados, balastradas e impostas; son recoñecibles xestos invariantes da obra de Palacios, existindo unha coherencia estética co resto de Metro, tanto no exterior como no interior, onde incorpora zócolos e capiteis cerámicos de Ramos Rejano.

É dicir, que existía unha vontade consciente de dotar a compañía dunha imaxe unitaria, unha identidade recoñecible en toda a rede. Verdadeiramente, Palacios conferíralle esa solución universal ao Metro, unha absoluta personalidade distinguible de lonxe e, pola súa calidade, ata poderíamos dicir de gran nivel.

Paga a pena concluír falando dunha das pezas industriais máis destacadas de Metropolitano: as cocheiras e talleres en Cuatro Caminos. É un patrimonio fráxil e ameazado, mesmo tratándose da orixe indubidable da rede, sen a cal nunca podería operar a compañía. É ademais a peza que lles falta aos espazos xa musealizados do suburbano —sería o broche de ouro— que podería ser un magnífico e extraordinario museo de transporte, contedor dunha das mellores coleccións históricas de trens, con exemplares conservados de todas as series de coches que existiron. Xunto á nave de Pacífico e a estación de Chamberí, as cocheiras —que como di Patricia Calvo son unha xoia— cos seus trens conformarían un dos mellores conxuntos históricos de Metro no mundo.

Comezadas en 1917, a instancias de Palacios e Otamendi segundo consta nos rexistros municipais<sup>37</sup>, as cocheiras de Cuatro Caminos foron deseñadas cun coitado arquitectónico e enxeñaril. Como todo o Metro, foron deseñadas aprendendo dos erros de París ou Nova York, pero tamén tomaron inspiración destes

<sup>34</sup> AVM. 6-368\*-58.

<sup>36</sup> AVM. 45-48-12.


<sup>35</sup> AVM. 12-259-23.

<sup>37</sup> AVM. L-AD. 900.

exemplos, como no caso de Nova York, onde os talleres estaban resoltos con módulos en dente de serra (Valdés 2015 e 2016). As Cocheiras de Madrid son, por esa solución construtiva, unha excepción en Europa, onde habitualmente se recorría a cubertas a dúas augas.

Polas cuestións xa indicadas, moitos dos planos conservados levan a sinatura do enxeñeiro Valentí de Dorda, subxacendo en todo momento as «huellas dactilares» do xenio de Palacios, que se detectan en primeiro lugar na decisión de separar as naves do linde para crear unha praza intermedia, de forma que toda a actividade podía ser vista desde fóra. Esta decisión deliberada supuña crear unha imaxe do edificio, unha estampa recoñecible, e facer un tratamento de bordo, que se asemella moito ao cerramento do próximo Hospital de Jornaleros.

A embocadura monumental e o acceso ao recinto coincidían no chafrán da parcela, punto onde a volumetría se percibía con toda a forza do escorzo. A fachada do túnel, cunha rosca de fábrica mixta, combinando recias doelas pétreas con outras de ladrillo graduado, unha intervención plástica que proporciona unha significada potencia formal á entrada ao mundo subterráneo. Foi o historiador Álvaro Valdés quen en 2015 por primeira vez atopou unha similitude figurativa deste grandioso arco coas arcadas do Stadtbahn (ferrocarril elevado) de Viena, trazado



por Otto Wagner, e que posteriormente foi obxecto de citas non referenciadas nalgúns publicacións.

Aquí temos un exemplo da transversalidade de competencias: malia que o plano de alzado o rubrica o enxeñeiro Alejandro San Román, a composición e tratamento de materiais apuntan manifestamente a Antonio Palacios. Do mesmo xeito, outra serie de detalles denotan a súa intervención, como a imposta que percorre os vans, os testeiros graduados na nave de talleres mecánicos, o dobre faixeado do zócolo con cachotaría concertada, o derramo nos couzóns dos vans, os miradoiros do edificio de oficinas (coñecido como Tuduri) e as súas reixas, idénticas ás do Hotel Florida de Callao, da mesma época.

Durante o transcurso das obras, Palacios concibiu un taller provisional de ferraría<sup>38</sup>, unha caseta de madeira de escasa entidade necesaria para traballar a montaxe das tesoiras fabricadas por Altos Hornos de Vizcaya, algo que demostra a implicación máis absoluta na obra, facéndose cargo de solucionar calquera necesidade que fose da súa competencia.

Tras varios meses intensivos de busca manual, apareceu no Archivo de la Villa un expediente de aliñación lateral e traseira da parcela de Cuatro Caminos, en que Palacios solicitaba definir o lindeiro completo para continuar a edificación das «cocheras y talleres del Metropolitano Alfonso XIII»<sup>39</sup>, apenas tres meses despois de inaugurarse este novidoso medio de transporte.

As cocheiras chegaron en pé para celebrar o centenario de Metro, que se conmemorou o pasado 17 de outubro de 2019; A asociación Madrid Ciudadanía y Patrimonio, presidida por Amparo Berlinches, traballa esforzadamente para preservalas; confiemos en que se impoña a cordura e a sociedade finalmente consiga salvar este ben tan singular.

## O Novo Madrid e a canle de Guadarrama, un proxecto descoñecido

En outubro de 1918 publicouse unha entrevista a Antonio Palacios que lle fixo o escritor Evaristo Correa Calderón<sup>40</sup>. Entre anécdotas e outros relatos, Palacios explica a súa dedicación do momento e revela que, ademais do Metro, prepara un proxecto urbanístico:


En Madrid me ocupo ahora, preferentemente, de las estaciones del Metropolitano que dirijo con Otamendi, un gran edificio que empezaré pronto en la Gran Vía, y trabajo con el mayor entusiasmo en la colaboración del gran proyecto de mi hermano Jesús, la ciudad jardín «Nuevo Madrid».

<sup>38</sup> AVM. 24-80-2.

<sup>39</sup> AVM. 42-444-12.

<sup>40</sup> *Renovación Española*, n.º 37 (outubro 10, 1918): 11-13. Dáse a curiosa circunstancia de que o entrevistador era

o meu tío avó, o cal me produciu unha estraña familiaridade que me impulsou a rastrexar ese descoñecido proxecto do «Nuevo Madrid», que sorprendentemente apareceu na Biblioteca do Palacio Real.




En efecto, Jesús Palacios, axudante de Obras Públicas, foi o fundamental impulsor desta idea, e levou por iso todo o protagonismo da prensa, na cal o nome do seu irmán Antonio non aparece sequera mencionado, sendo esa a causa de que permanecese durante tanto tempo inédita na biblioteca do Palacio Real.

As escasas referencias publicadas sobre o proxecto describíano como un «barrio moderno, dotado de construcións hixiénicas, destinadas en gran parte a la población obrera empleada en las industrias que en dicha zona podían establecerse»<sup>41</sup>. Aínda que obtivo o apoio do Instituto de Reformas Sociais e o proxecto foi presentado a Afonso XIII —quizais esperando obter un apoio similar ao de Metropolitano— non tivo maior percorrido e esvaeceuse tras a morte prematura de Jesús, en 1922. Polo espectro de poboación a quen en verdade ía dirixido, a clase media, non era un negocio tan apetitoso para o monarca como a empresa do Metro ou outras industrias con visos de xerar grandes beneficios.

O territorio onde se pensaba implantar o «Nuevo Madrid» abrangía máis de 3.000 ha, e situábase entre a Casa de Campo, Aravaca, Pozuelo, o monte de El Pardo e Las Rozas. Será, ou non coincidencia que Antonio Palacios acabase vivindo en El Plantío na posguerra, precisamente dentro do ámbito desta Cidade Xardín non realizada?

Polo demais tratábase dun plan moi completo, e en certa medida moi moderno, ao considerar aspectos como a mobilidade, a salubridade ou o medio ambiente. A Cidade Xardín flanqueábase polos dous Reais Sitios de El Pardo e a Casa de Campo, que quedaban unidos por un corredor verde limítrofe que percorría todo o lado oeste do proxecto. En parte, a filosofía do «Nuevo Madrid» era a

<sup>41</sup> *El Fígaro*, xuño 13, 1919, 3.




volta á natureza, dito textualmente. Con este precedente, é inevitable acordarse do actual proxecto de Corredor Ecolóxico do Sueste, que promoven veciños e ecoloxistas, e propón a unión verde das cuncas hidrográficas do Manzanares e Guadarrama; os autores adiantáronse un século a esta necesidade vital da cidadanía contemporánea.

Unha das razóns para considerar este proxecto descoñecido parte da obra industrial de Antonio Palacios non é a súa condición de plan urbanístico —tema que aborda Jesús Ángel Sánchez neste libro—, nin sequera a liña de tranvía que debía unilo con Madrid capital, senón o novo plan de abastecemento de auga. De xeito asombroso, os dous irmáns retomaban unha inconclusa obra do século XVIII, a canle de Guadarrama, para alimentar de auga potable a súa vasta urbanización.

Existían 22 km escavados entre a garganta de El Gasco e a poboación de Las Rozas, e unha presa en ruínas. Era unha canle que se intentou continuar varias veces de xeito infrutuoso. A de Jesús e Antonio Palacios foi a última vez que se tratou de recuperar esta infraestrutura, tal e como se presentou no congreso de INCUNA de 2018<sup>42</sup>.

Unha das novidades técnicas da proposta era a construción dunha presa-bóveda, é dicir, de dobre curvatura (en planta e en sección), para encorar o caudal do Guadarrama augas arriba da vella presa en ruínas. Logo a través dunha conducción en mina e un sifón alcanzábase a vella canle, que ademais de abastecemento se ía recuperar como navegable. O soño dos enxeñeiros Lemaur, roto co afundimento da presa inacabada de El Gasco en maio de 1799, estivo moi preto de rexurdir e facerse realidade. Pero tampouco puido ser. A historia de Madrid sempre foi de resiliencia e sobreporse ao fracaso sistemático dos plans de progreso e ciencia.

<sup>42</sup> Álvaro Bonet López, «El Canal de Guadarrama. De la navegación imposible al abastecimiento frustrado, En Congreso INCUNA (2018).



Como se pode ver, Palacios estivo continuamente influído pola obra pública, e as presas e centrais hidroeléctricas foron moi recorrentes na súa carreira. Os exemplos que seguen van precisamente na mesma liña. A pedra, o ferro, a auga; a súa vida foi pura tectónica.

### **Dúas obras de auga en Galicia: a Central do Tambre e o muíño de Ponteareas**

Parece mentira a capacidade que tivo Antonio Palacios de crear obras sen descanso, e de executalas case á vez. Os anos vinte foron a época de desenvolver Metro e abordar o Círculo de Bellas Artes, o cumio da súa carreira en Madrid. Pero nesta década, con grandes cambios influídos pola prosperidade europea e americana, foi tamén na que empezaron a repercutir máis as súas orixes galaicas e vernáculas.

Aínda que Palacios nunca abandonaría Madrid, a súa arquitectura empezaba a quedar pasada de moda nunha capital inqueda e acelerada, que se vía influída inevitablemente pola veloz prosperidade do período de entreguerras. E el non estaba disposto a cambiar a súa mirada e o seu entendemento. Pola contra, en Galicia a vida ía a outra velocidade; alí aínda podía volver a vista cara ás orixes: unha introspección cara á verdade da estática e da rocha, un «viaje al centro de la Tierra», que é xusto onde nace o granito.

Só así poderíamos entender a evolución na expresividade de Palacios, que mesmo podería ironicamente dicirse que seguiu o de «menos é máis» de Mies van der Rohe, se comparamos a distancia conceptual que existe entre o Concello do Porriño e as Salesas de Vigo.


E non podemos por menos que sospeitar que a esencialidade que inspira a industria e o espazo de traballo —fronte ao representativo— foi o que imprimiu esa rotundidade plástica en obras como a Central Hidroeléctrica do Tambre, no

concello de Noia. Santiago Rodríguez e Alfredo Vigo coinciden tamén en comentar esta singular obra industrial nesta mesma publicación, o que manifesta a súa transcendencia.

O salto hidroeléctrico era unha concesión con orixe en 1908, que foi cambiando de mans sen chegar a concretarse un proxecto definitivo. En 1923, cando estaba aínda a medio facer, foi adquirido pola Sociedade Galega de Electricidade, encargando a Palacios a arquitectura do complexo (Carmona 2016).

A 7 km de distancia río arriba, un azude eleva a altura da auga, que é conducida por unha canle de pouca pendente polas abas do monte, ata situarse sobre a central propiamente dita, gañando unha diferenza de cota de 100 metros para conseguir a presión necesaria; desde a cámara de carga lanzábase a auga por un sifón que movía con forza as turbinas dentro da sala de máquinas. Segundo a prensa, en outubro de 1925 achábase xa concluída polo menos a presa, a canle e a cámara de auga; e a central estaba practicamente rematada.

O Tambre seguía o modelo de Mengíbar, cun volume graduado, diferenciando os usos interiores, onde a sala de turbinas é un espazo a toda altura. Tamén incorpora unha ponte de mando como na Central de Metro en Pacífico, construída case á vez.



O aspecto xeral relacionouse cunha fisionomía tipicamente eclesiástica, chegándose a definir o estilo como neorrománico. Algúns denominaron o Tambre a «catedral industrial galega» (Iglesias Veiga 1993, 182), e sen dúbida trátase dun edificio máis ben áulico, aínda que, pensándoo con detemento, é en realidade completamente civil. Non ten máis parangón co relixioso que a súa monumentalidade; pero, máis que dunha catedral, a dunha gran biblioteca ou unhas termas.

A composición das fachadas está marcada por un ritmo de contrafortes e arcos de medio punto, sen destacar en exceso a cornixa, formada por modillóns. O que é indubidable é a dignidade que ten este edificio, e iso a pesar de non ter vocación de ser un espazo público e visitable, e de localizarse no fondo afastado dun val doutra época<sup>43</sup>; un marabíllase cando ao intentar alcanzalo fai en realidade un percorrido iniciático ao máis recóndito do ser.

En Pontearreas atópase a outra obra hidráulica, de menor entidade, e hoxe transformada en restaurante. Trátase dun muíño cunha vivenda superior; a xeito de torriña, o muíño érguese sobre o río Tea, nun amplo terreo que vén sendo atravesado pola levada que o alimentaba. A atribución a Palacios non está ratificada documentalmente, malia que se considera obra súa (Iglesias Veiga 1993). De planta cadrada, ten tres alturas ás que se accede desde o exterior a través dunha escaleira. A planta inferior de maior altura e destinada á maquinaria ten un grande arco aberto ao río. Toda a construción está realizada en granito, con muros de cantaría ruda irregular en que a presenza da escaleira e balconadas se destaca pola firme balaustrada de talla rústica.

A única referencia que se puido conseguir da hemeroteca é de 1926, nunha breve nota que indica que «se ha concedido a D. Antonio Paramés el aprovecha-



<sup>43</sup> Non debe de ser casualidade a dimensión histórica que alcanza a toponimia deste lugar, que dá nome á dinastía de Trastámara (de «Tras Tamaris», máis alá do Tambre).



miento de 105 litros de agua por segundo derivados del arroyo Poulo, en término de Puenteareas», Pola súa banda, os catálogos de Palacios datan a construción cara a 1930 (Armero 2001; *Arquitecto Antonio Palacios* 1998).

## Epílogo. A obra inacabada de Palacios e Torroja

Talvez soe imposible pensar que existise unha obra conxunta de dous xigantes como Eduardo Torroja e Antonio Palacios. Imposible non era, pero non chegou a bo porto; ou, mellor dito, non se finalizou.

Acabada a Guerra Civil, Metro tiña grandes plans para esa «nova España», que sen dúbida sobreestimaron desde un frustrado e ilusorio optimismo, acompañado dunha aciaga escena internacional sumida na II Guerra Mundial. Encargáronse novos trens, comezouse a liña de Bulevares e continuáronse as obras da liña 3. Eran demasiadas cousas, e aínda así Metro quixo tamén alzar a súa flamante sede social no seu centro neuráxico, que eran as Cocheiras de Cuatro Caminos.

En abril de 1940, Palacios asina un proxecto que, a través da construtora Agromán, se remite ao enxeñeiro Eduardo Torroja para que leve a cabo o cálculo preciso das seccións estruturais. Nas memorias anuais de Metro infórmase do propósito de iniciar o proxecto en 1939 e constátase o seu arranque un ano despois.

Os planos que ata hai pouco eran descoñecidos<sup>44</sup> mostran un edificio de corte clasicista sobrio que estaba destinado a ocupar perimétralmente os bordos do espazo de praia de vías diante das naves das cocheiras. Por un lado, isto significaba perder a vista das naves desde a avenida principal, pero por outro o edificio de oficinas envorcaba a súa fachada interior a ese espazo praza, cheo de grandes ventás e con miradoiros nos eixes principais de fachada e dos chafráns.

Como sede social, chama poderosamente a atención que Palacios xa prevía a instalación dun museo, sala de maquetas e biblioteca na «Casa del Metro»; só vinte anos despois da súa inauguración eran completamente conscientes da importancia que este medio de transporte tivera para a cidade.

Nos planos de detalle indícase ata a natureza dos paramentos: chapado en calcaria e granito, seguindo o bicromatismo típico do barroco madrileño, como se dá no Palacio Real. Un aspecto destacable da composición é que as ventás gardan un despezo moi semellante ao dos cerramentos da Escola de Arquitectura, deseñada polo seu discípulo Pascual Bravo (1933-36) e un aceno delicioso é a formación dos frontóns dos tres balcóns principais a partir do logotipo de Metro, que sen dúbida incorporaría en cerámica ou mosaico.

Desde o punto de vista tectónico, este edificio tería un aspecto parecido ao contemporáneo Banco Viñas Aranda de Vigo, de 1941, que foi o último proxecto

<sup>44</sup> Os planos déronse a coñecer na web [www.cocheras-cuatrocaminos.es](http://www.cocheras-cuatrocaminos.es) publicada con motivo do Centenario do Metro, a comezos de outubro de 2019 e pouco despois na exposición «La huella del Metro», organizada

entre Metro e o Museo ABC, na cal o Grupo de Documentación de Arquitectura y Ciudad, dirixido por Javier Ortega, reproduciu nunha serie de perspectivas o volume da «Casa del Metro».

eminentemente urbano de Palacios en Galicia (Iglesias Veiga 1993). Está claro que a orde xigante e clasicista é unha constante na obra palaciana, pero, se comparamos os planos do banco vigués coa «Casa del Metro», vemos que gardan unha gran relación entre si en pequenos pormenores: almofadados, gran porta principal de acceso a varias alturas, planta ático nun entaboamento clásico, con grandes ventás a xeito de métopas entre tríglifos, as fornelas no acceso.

Na posguerra, é o momento en que Palacios —influído polo contexto de exaltación dos valores tradicionalistas da ditadura franquista— declara a súa admiración polo «excelso español D. Juan de Villanueva» e a «proclamación de las normas vilanovianas como positivo código de nuestras presentes y futuras actuaciones» (Palacios Ramilo 1945). Palacios creu ver a oportunidade de corroborar a súa concepción da arquitectura, que xa quedara algo desprazada nos últimos tempos pola puxanza de correntes internacionais cara a unha vangarda máis racionalista; en realidade, o mundo estáballe a quedar grande a Palacios, ou talvez fose ao revés.

Quizais por iso, a «Casa del Metro» reflicte un último intento de Palacios de revalidar o seu posicionamento vital para un concepto de país que en realidade non existía, producíndolle un desencanto que o levaría a unha vida discreta na mencionada casiña de El Plantío (González Méndez 2004).

A construción foi iniciada en 1940, conservándose a planta baixa e o arranque da seguinte, polo que resulta obvio que Torroja devolveu os cálculos realizados, e que mesmo debe estar preparada a cimentación.

Os restos desta construción inacabada que antes eran confusos, á luz de interpretar os planos, resultan clarividentes: tanto polo seu aparello a tizón (que supón muro de cerramento grosso) como polas esperas de todos os piares metálicos á vista.

É un valor engadido sen dúbida a esta historia que reconstrúe o pasado dunha cidade, dun país; de todo o que foi, e o que puido ter sido. O pensamento humano non ten límites, talvez por iso sempre quedan cousas por facer; e seguro que seguir estudando a Palacios é unha delas.

# La arquitectura industrial de Antonio Palacios

Álvaro Bonet  
*Arquitecto*

## Introducción

Cuando un personaje como Antonio Palacios, con su imponente recorrido profesional, tiene una página en la Historia, se pueden constatar los numerosos estudios que se han escrito, los elogios que se han pronunciado y las exposiciones antológicas que se le han dedicado.

Se trata de un personaje polifacético, con habilidades ya muy reconocidas y ensalzadas. Tal es su importancia y tal su mérito, que no falta un político que lo celebre, o una persona cualquiera que al oír su nombre unido al Palacio de Cibeles o el Círculo de Bellas Artes asienta con la cabeza.

Aunque no llegó al reconocimiento internacional de Gaudí, nuestro Antonio —gallego y madrileño a la vez— dejó una huella en la capital de difícil conmensuración y quizás solo equiparable, salvando las distancias temporales y su coyuntura, con la de Ventura

Rodríguez o Juan de Villanueva. Pero realmente Palacios —en su afán por soñar planes transformadores del urbanismo— cambió la fisonomía de la capital, casi sin darse cuenta de su trascendencia histórica.

Sus altos vuelos no le impidieron, por otro lado, estar a pie de obra, en lo mundano; Palacios se ocupaba y se preocupaba del detalle, de lo matérico: todo era importante en el proceso.

La época en que creció el arquitecto de O Porriño, entre fascinante y convulsa, le permitió ser moderno y antiguo a la vez, algo generalmente imposible. Palacios fue fiel a sí mismo y su posicionamiento intelectual, a diferencia de otros arquitectos que fueron adaptándose a las distintas corrientes dominantes, como Luis Gutiérrez Soto, que acomodó con maestría su lenguaje a cada momento. Palacios cambió más bien poco; algo que podría parecer menos vanguardista, sin embargo, le confiere una universalidad más allá del tiempo que le tocó vivir, pareciendo incluso estar fuera del tiempo, como demostrarían muchas de sus obras gallegas, de aspecto y carácter intempestivo.

Si bien pudo verse inicialmente influido por un lenguaje modernista presente en su proyecto del Casino, y un depurado «estilo Monterrey» en ciertos detalles del palacio de Correos, el clasicismo, el secesionismo vienés y la escuela de Chicago fueron las tendencias que más claramente influyeron en su concepto renovador de la arquitectura, aunque bajo una identidad propia y con una serie de invariantes recurrentes.

Sin embargo, y volviendo a la textura de los detalles, nuestro protagonista siempre se interesó por la tectónica y la plástica de su arquitectura, por su rugosidad, por su percepción estética, muy consciente de

Antonio Palacios (el primero a la izquierda junto a las vías) en el tranvía de Vigo a Baiona.

*/Fondo Iglesias Veiga*



hacer partícipes en la medida de lo posible a los oficios artesanos sin dejar de lado la modernidad industrial; fue un gran innovador incorporando ascensores, calefacción y otras instalaciones en el propio diseño de sus proyectos. Incluso a nivel de construcción empleó masivamente la estructura metálica, combinada con muros de carga y grandes órdenes de clasicismo refinado, y elementos decorativos cerámicos. Esa personalidad tan fuerte y expresiva, marcada por la cantería local, por la influencia paterna ferroviaria, finalmente le hizo ser un genio incomprometido y a quien todavía es posible que no hayamos terminado de colocar en el lugar que le corresponde.

Entre otras cosas porque todavía en la actualidad siguen apareciendo obras desconocidas —o mejor dicho olvidadas— que no constaban en su catálogo y que dibujan una faceta complementaria. Son obras que en parte se alejan del concepto monumental que teníamos del maestro, mucho más modestas y resolutivas, o tal vez simplemente funcionales.

